O terceiro obradoiro de ConexiónPRECISA permite concretar o reto de biomarcadores en salud mental de PRECISAÚDE

Un novo obradoiro de ConexiónPRECISA permitiu compartir cos profesionais sanitarios e investigadores o reto identificado e recoller achegas de cara ao futuro proceso de Compra Pública de Innovación.

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2026. O Servizo Galego de Saúde (SERGAS), a través da Axencia Galega de Coñecemento en Saúde (ACIS), celebrou o terceiro obradoiro de ConexiónPRECISA, no marco do Plan de Innovación Sanitaria PRECISAÚDE, dedicado ao Reto 3, centrado nos biomarcadores en saúde mental.

Esta sesión deu continuidade ao traballo desenvolvido nos dous obradoiros anteriores, que permitiu avanzar na identificación dun reto concreto orientado a dar resposta ás necesidades clínicas e asistenciais detectadas, no marco do Reto 3 de PRECISAÚDE.

Durante a xornada, presentouse esta proposta de solución aos profesionais sanitarios e investigadores participantes e recolléronse as súas achegas para delimitar o reto antes de consultar ao mercado, definindo o problema concreto, os requisitos e os límites da futura solución.

As achegas obtidas contribuirán á preparación da futura consulta ao mercado, na que se contrastará a proposta coas capacidades e posibles solucións que poida proporcionar o mercado. Toda esta información servirá para orientar a elaboración do prego da posterior licitación de Compra Pública de Innovación (CPI).

Deste xeito, PRECISAÚDE continúa avanzando na definición de solucións innovadoras que respondan ás necesidades reais do sistema sanitario público galego, incorporando a visión dos profesionais clínicos e investigadores ao longo do proceso.

Contidos relacionados

Celebramos o primeiro taller de ConexiónPRECISA no eido da busca de solucións baseadas en biomarcadores de saúde mental onde profesionais asistenciais e da I+D+i compartiron novas vías de innovación a partir da súa práctica clínica e investigadora

Celebramos o segundo obradoiro de ConexiónPRECISA no eido dos biomarcadores en saúde mental, onde profesionais asistenciais e da I+D+i debateron sobre vías de innovación e a súa aplicación na práctica clínica

En que consiste o proxecto PRECISAÚDE?

RETO 3: Solucións innovadoras de biomarcadores vencellados a trastornos mentais